



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior de urbanismo.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	140
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	1997
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 25/03/1997 - 08:00h ao 24/04/1997 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo desta actividade é mellora-lo grao de especialización dos alumnos ós que vai dirixida esta actividade, dotándoos dunha serie de coñecementos teórico-prácticos, sobre planeamento, xestión e disciplina urbanística que contribúan a perfecciona-la súa capacitación profesional neste campo.

DESTINATARIOS

O curso convocado ten como destinatarios ós funcionarios de carreira dos grupos A e B que estean en posesión do título de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro superior, ou o de diplomado, arquitecto ou enxeñeiro técnico, pertencentes á Xunta de Galicia ou á Administración local galega, así como o persoal laboral dunha ou doutra Administración, dos grupos I e II, que se atopen en posesión de calquera dos títulos anteriormente citados.

PROGRAMA

-Esquemáticamente, o contido deste curso versará, entre outros, sobre estes temas:

-Panorama do sistema de planeamento e xestión en España, en xeral, e en Galicia, en particular. A Lei do solo de 1992 e o Real decreto de 1996. A Lei de medidas liberalizadoras de 1997 e a Lei do solo de Galicia de 1997.

-Problemas urbanísticos e solucións específicas en municipios carentes de planeamento xeral.

-Análise das figuras de planeamento.

-Áreas de reparto e os aproveitamentos tipo.

-Plans especiais.

-Estudios de detalle.

-Proxectos de urbanización.

-Catálogos.

-Sistemas de actuación.

-Proxectos de expropiación.

-Actuacións asistemáticas en solo urbano.

- A execución do planeamento por sociedades públicas.
- Os convenios urbanísticos.
- A xestión das dotacións públicas.
- A expropiación na lexislación do solo.
- O problema das valoracións nas expropiacións urbanísticas.
- A venda forzosa por incumprimento dos deberes urbanísticos.
- As modalidades de xestión da expropiación.
- O patrimonio municipal do solo.
- Réxime indemnizatorio por alteración do planeamento.
- Réxime urbanístico da propiedade do solo.
- Medios administrativos de reacción ante o incumprimento no dereito urbanístico.
- Licencias urbanísticas.
- Actuacións sen licencia.
- Actuacións con licencia en contra do planeamento.
- Actuacións con licencia ilegal.
- Medios de protección da disciplina urbanística.
- A infracción urbanística. Procedemento sancionador.
- A prescrición das infraccións urbanísticas.
- A obriga de conservación e rehabilitación.
- Edificacións fóra de ordenación.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Crterios selectivos.-Se os solicitantes son funcionarios ou persoal laboral, os criterios selectivos para a admisión neste curso serán, por esta orde, os seguintes:

1º. Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o interesado no desempeño do seu posto de traballo e a materia obxecto deste curso.

2º. Ter realizado, durante os últimos cinco anos, un menor número de cursos relacionados con contidos temáticos similares ó que agora se convoca.

3º. A antigüidade, e como tal entenderase a data de ingreso do interesado na Administración pública.

3. DATOS EDICIÓN

XO97UR2001SA

LOCALIDADE: Santiago

INICIO / FIN: 05/05/1997 a 17/11/1997

NUM. PRAZAS: 100

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

ESCOLA GALEGA DE FUNCIÓN PÚBLICA
Rúa Madrid, 2-4 (Santiago de Compostela)